

## A estrela

Ía unha noite fermosa. Era unha destas semanas nas que o día ameazaba cunha calor abafante e as noites tornábanse tan frías que ata a raíña das neves tería calafríos. Xeila miraba para o ceo estrelecido e distinguía algunhas nubes grises, sinal do que sería a choiva do día seguinte. En fronte, os lucecús facían un baile acompasado ó redor dunha lámpada da rúa, facendo así copos de luz movéndose sobre os setos do xardín do lado. A maior parte do tempo sentíase moi soa, pero tampouco se atrevía nunca a falar con ninguén. Pensaba que ninguén a entendería. Pousaba a súa mirada perdida na lámpada, envexando os lucecús, ata que no ceo algo atraeu a súa atención. Ó ollar cara a arriba, deuse de conta de que había unha estrela dunha cor avermellada xunto ás outras, unha que desprendía aínda máis luz que as demais. Pechou os ollos.

-Será un helicóptero.- Dixo para si.

Isto lembráballe á súa nai. Xeila tiña xa doce anos, pero a súa nai morrera cando só tiña cinco, polo que os recordos que ten dela son poucos, pero valiosos. A súa nai adoitaba dicirlle que non se pode ter todo nesta vida - con cinco anos, os antollos eran frecuentes - e que cando desexara algo, pechase os ollos e que fixese coa man coma se o estivese collendo; despois só tiña que gardalo no peto, así sentiría como se o tivese. Desta maneira, pasaban por diante das pastelerías e ollaban os doces dos escaparates, pechaban os ollos e, co recendo, facían que os comían e sorrían. Ensináralle iso por primeira vez un día que se puxera a chorar porque o seu pai non podía coller unha estrela para ela.

Desta vez, ó abrir os ollos, a luz seguía aí, polo que estaba convencida de que era unha estrela especial e que a debía coller e gardala coma unha xoia. Pechou os ollos e meteuna no peto.

Mellor ir durmir. Xa tiña os cóbados xeados de apoialos na fiestra, así que fixo que gardaba a estrelliña na caixa de música e meteuse na cama.

Ergueuse con enerxía, era luns e tiña que ir á escola. Baixou a almorzar co seu pai, que estaba lendo o xornal. Mentres remexía o leite, pensaba no que soñara esta noite.

Camiñaba coa súa nai pola Corna, que era así como chamaban os veciños ó piñeiral que tiñan a carón das súas casas. Era Sofán, a vila onde vivían cando era máis nova, preto de Carballo. Era un lugar tranquilo onde os rapaces podían saír á estrada a xogar á pelota sen preocuparse, onde o panadeiro pasaba persoalmente todos os días polas casas na súa vella furgoneta para levarlles ó pan e onde os piñeiros, eran de todos. Paseaban pola Corna moi amodiño, - Para non asustar ós animais – dicía a súa nai, e collían flores para poñer na mesa á hora de xantar.

Xa era tarde. O bus da escola pasa pola rúa de detrás da casa de Xeila, pero sempre sae ás carreiras. Desta nin sequera lle deu tempo a darlle un bico ó seu pai, así que decidira facerlle algo bonito na clase de plástica. Non sabía por que, pero presentía que ía ser un día especial e non borraba o sorriso da cara. E así o ía ser.

Chegou cedo. O seu pai aínda non chegara do traballo, pero ela nunca esquecía as chaves, das que lle fixeran unha copia desde que o seu pai

deixara as súas dentro da casa e tiveran que pasar a noite na casa da veciña, ceando aquela sopa de verzas con cheiro a mazá podrecida que ela preparaba sempre que a ían visitar. Subiu ata o seu cuarto, o máis pequeno da casa, cunha porta da cor do ceo con xirasoles de papel pegados nela, a pintura da parede dun amarelo alegre e moitas fotos dela e mais a súa nai enchendo os estantes. Colgou o chufasqueiro no armario e sentiu un ruído. Ollou cara á cama e nada se movía. Outra vez o ruído. Ollou cara á mesa e non viu nada, ata que a caixiña de música se moveu. Reviróuselle o corazón. Que podía ser? Un rato? Un becho? Coa valentía de pensar que non ía ser, claro está, nada máis grande ca ela, agarrouna coas mans tremendo e levantou a tapa un pouquiño. Unha luz vermella iluminou todo arredor dela e da caixa e unha especie de pupurina comezou a flotar no aire. Pechouna.

- É a estrela.- Dixo con firmeza pero co peito a mil por hora e coa cara tan branca coma a neve que vía nas montañas tódolos invernos preto da súa casa cando era cativa.

Abriu a caixiña de todo e destellos de cores e purpurina encheron o cuarto de maxia e, coa musiquiña da caixa de fondo, parecía estar nun soño, un soño marabilloso. No interior da caixa había unha pequena esfera de cor laranxa tentando moverse, como nerviosa por saír. Xeila colleuna coas dúas mans, por se quería escapar, aloumiñouna coa súa man esquerda e a estreliña parecía acougar mentres cambiaba de cor. Agora era rosada. Apoiouna sobre a almofada para pasar as cortinas, non quería que ninguén se fixase na estraña luz que tiña o seu cuarto.

- Pobriña, necesitaba algo de agarimo. Como viñeches a parar aquí, bonita? Collinche eu, de verdade? E que fago eu contigo agora, eh?

Saber non sabía como a collera, pero sentía unha felicidade inmensa, e que dubidaba se a podería compartir ou non co seu pai. Acababa de sentir a porta e os seus pasos cara a dentro, rosmando, seguramente, pola choiva. Xeila baixou correndo onda el.

- Que tal o día papá?

- Non moi ben, pola mañá cheguei tarde e o xefe berroume e, para colmo, agora ponse a chover a mares. Como che foi a ti na escola ruliña?

- Fixen un debuxo da Corna, hoxe soñei que paseaba con mamá por ela. Quérelo ver? Está arriba.

- Non, gracias miña raíña, non me gustaba moito ese lugar, aínda que seguro que é precioso porque o pintaches ti. Alégrome moito de verte tan contenta hoxe.

O seu pai trataba sempre de evitar falar do lugar onde vivían antes porque lle lembraba moito á súa muller. Pola mesma razón mudaran da vila e venderan a casa tan pronto.

Xeila volveu subir, premendo os beizos das ganas que tiña de contarlle o da estrela, pero non podía. Cando abriu a porta do cuarto, a estrelliña estaba suspendida no aire, movéndose dun lado a outro no cuarto, poñéndoo todo perdido dun po vermello refulxente e tirando cousas ó chan. Ó entrar, achegouse ás meixelas de Xeila e esta riu porque lle facía cóxegas, entón continuou.

Despois de baixar a cear e darlle as boas noites ó seu pai, tróuxolle un poquiño de caldo de verduras á estrela, non sabía se comía ou non. Gardouna na caixiña cando cansou de xogar con ela, e durmiu coma unha pedra.

Ó día seguinte, decidiu levala á escola. Non para ensinala, senón para non separarse dela. Fixo unha bolsiña cunha tea dunha camiseta e un cordón, e levouna no peto. Por primeira vez, non tivo que correr tralo autobús. Na clase de lingua sacárona ó encerado, e fixo ben todos os exercicios, algo raro xa que o día anterior, polo encontro da habitación, non estudara nada. Na clase de ximnasia non se cansou, fixo piruetas que non lle saíran xamais na vida, e gañou correndo ós rapaces da clase. Cando volvía para casa ía facéndolle caricias á bolsiña, sabía perfectamente que era a estrelíña que, sen saber moi ben como, facía que todo lle saíse como ela quería.

Volvera chegar cedo. Acendeu o televisor e desatou a bolsiña para que a estrelíña a acompañase.

“... foi esta tarde. Os bombeiros conseguiron retirar a tódolos ocupantes das vivendas de entre o lume. Catro xa foron dados de alta hai unha hora, pero dous residentes, atópanse en estado crítico.”

- Espero que se poñan ben rápido, non si? Pobres. O que deberon pasar.

A estrelíña púxose a bailar arredor dela e comezaron a xogar ó escondite. Xeila explicoulle as regras do xogo e, sen saber como, aprendeunas e xogaron por toda a casa.

Cando o pai de Xeila chegou, estaba algo branco. Non tiña ganas de cociñar, polo que meteu no forno uns canelons conxelados e fíxose un té. Xeila falaba de todo mentres comía, e o seu pai, a pesar de non atoparse moi ben, sentía ledicia de que a súa filla estivese tan contenta últimamente. Nunca a vira sorrir demasiado.

Esa noite, Xeila puxera a caixiña co po da estrela debaixo da cama do seu pai mentres el estaba no baño, e marchara para a cama contándolle á estrela cousas sobre a súa nai e o seu pai.

- Nunca tiveren moitos amigos. Ata que mamá morreu, non ía ó escola e ela era a miña única amiga. Cando...ela...marchou ó ceo, mudámonos aquí e o meu pai meteume na escola. Non sabía como era estar con outros nenos, e cando viñan e me preguntaban polos meus pais, eu lles respondía que só tiña pai, e non xogaban connigo...

Dicindo isto quedou tan durmida que xa podía pasar un avión por riba da casa que non o ía escoitar.

Antes de que a alarma soara, o seu pai foi espertala co almorzo nunha bandexa, asubiando unha canción popular e tan contento que non se sostiña en pé.

- Metinme na cama con trinta e nove de febre, e estou coma unha rosa! É coma un milagre.

- Que ben, papá.

- Aínda que máis milagre é o daquel incendio. Sabes que dun día pra outro, os feridos graves puxéronse a pasear polo hospital totalmente sans?

Os días pasaron e nada podía ir mal. O pai de Xeila foi ascendido e podía pasar máis horas na casa. Ela fixera moitas amigas na escola, coas que chegaba a quedar despois de clase para xogar no parque. Un día, Xeila volveu da escola con ganas de contarlle á súa estrela o que fixera coas súas novas amigas, pero atopouna apoiada no marco da fiestra cunha cor alaranxada como só a vira unha vez na vida.

- Queres xogar a algo?

A estreliña non se movía.

- Que che pasa? Queres saír?

A estrela voou polo teito do cuarto ata quedar quieta nun punto fixo.

- Queres marchar coas demais, non é?

A estrela volveu cara á fiestra e apretouse contra o peito de Xeila.

Esa noite, entre bágoas, Xeila abriu a fiestra a cun aceno díxolle que marchara, dándolle un bico de despedida e murmurándolle algo en baixo.

O seu pai entrou e púxose ó seu carón, ollando o raio de luz vermella que ía en dirección ó ceo.

- Que é iso?

- Esperanza, papá. Son sinais de que non todo nesta vida está acabado, que facendo un esforzo todos podemos ser felices e axudar ós demais a selo.

- Alégrome moito de verte tan positiva. Sabes? Algunha vez cheguei a crer que comigo non eras feliz.

- Tonterías, papá. Dime, cando dicides que as persoas van ó ceo, como mamá, van onda as estrelas?

- Pode ser. Ninguén chegou a ver como son as estrelas porque están moi lonxe, polo que tampouco se sabe o que hai arredor delas. Incluso pode ser que cada estrela sexa unha persoa que se foi, e que a túa nai estea aí.

- Menos mal que lle dixen que a coidase.

- O que?

- Nada, papá. Quérote moito. Vaiamos para dentro que vai frío.

**FIN**

